

PALMEIRA DO SENEGAL

Phoenix reclinata

SABÍAS QUE...? A Palmeira de Senegal foi traída do propio país africano (tal e como o seu nome indica) ao Xardín Botánico fai aprox. uns 100 anos, e hoxe segue sendo considerada como unha das especies mellor conservada de toda España. Co seu espectacular e carismática maraña de brazos, é a xoia máis rutilante do xardín de vila rosaliana.

Chaman a atención os múltiples pés que nacen da mesma base e expáñdense adornados de entrecruzadas follas de palma, follas que, durante anos, foron protagonistas nas misas de Domingo de Ramos, pois eran moitos os veciños de Padrón que adoitaban servirse delas para este acto litúrxico. Tampouco se podería imaxinar o Xardín Botánico sen a existencia desta especie, pois o dinamismo e toque exótico que lle achega, xogan a favor na súa identidade.


Pertencente á familia Arecaceae e subfamilia Coryphoideae. Orixinaria dos trópicos de África, a Península Arábiga e as Illas Comores.

Nome común: Palmera del Senegal o Palmera reclinada (cast.); Palmeira do Senegal (gal.); Wild däche palm, Senegal date palm (ing.).

Etimoloxía:

- Phoenix: nome xenérico que deriva da palabra grega: φοῖνιξ (phoinix) ou φοίνικος (phoinikos), nome para a palmeira datileira utilizado por Teofrasto e Plinio o Vello. É moi probable que se referisen ao fenicio, Phoenix, fillo de Amyntor e Cleobule na Ilíada de Homero, ou á ave fénix
- reclinata: de reclinatus-a-um = inclinado cara atrás, pola forma de crecer os seus troncos

Descrición da especie: Palmeira dioica perennifolia, xeralmente con troncos múltiples de 15 m de altura e 10-12 cm de diámetro, con frecuencia crescendo de forma inclinada. Os pés de maior tamaño superan os 12 m de altura. As follas son pinnadas e recurvadas, de cor verde, xa sexa brillante ou verde intensa, e están formadas por pecíolos de 30cm armados con espiñas longas e afiados na base. A coroa conta con 20-40 follas. É unha planta dioica, o que quere dicir que hai pés femininos e masculinos. As inflorescencias masculinas son de cor amarela pálida, mentres que as femininas son pequenas, globosas e verdiamarelas. O froito é un dátil de cor laranxa e comestible. Este no seu interior contén unha única semente que lembra moito á que ten a datileira pero é un pouco máis grosa e grande.



Árbore
Senlleira de
Galicia

Idade aproximada: 100 anos
Medidas aproximadas:
Altura: 12,20 metros
Diámetro troncal: 13,40 metros
Anchura copa: 12,20 metros

